

DECRETO DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

DON JUAN MANUEL REY REY, ALCALDE-PRESIDENTE DEL ILMO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

“BASES DO CONCURSO DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO #CALDASCONTRAAVDX”

A Violencia de Xénero representa a mostra máis atroz de desigualdade entre mulleres e homes, segue aínda moi presente na nosa sociedade, a pesares dos múltiples avances que se están a producir en diferentes ámbitos da sociedade, dos múltiples rostros e representacións, esta lacra social segue a perpetuarse con forza co paso do tempo.

A prevención, sensibilización e concienciación son, sen dúbida, piares fundamentais de intervención dende os que poder actuar e anticiparse aos riscos destes tipo de manifestacións.

O Concello de Caldas súmase á Conmemoración do Día Internacional contra a violencia de xénero a través da posta en marcha dunha programación específica nesta materia; co fin de concienciar á poboación desta localidade, sobre a necesidade de traballar a prol da construción de relacións igualitarias e a non discriminación nin violencia por razóns de xénero e de xeito integral a problemática que nos ocupa.

Coa posta en marcha desta acción queremos implicar á poboación mais nova do municipio, promovendo a prevención e sensibilización contra a violencia de xénero a través da creatividade do alumnado na rede social, TIKTOK. Preténdese conxugar 3 factores, tales como a: prevención da violencia, mocidade e redes sociais.

Á vista do exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras do concurso “BASES DO CONCURSO DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO #CALDASCONTRAAVDX” que literalmente din:

BASES DO CONCURSO DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO #CALDASCONTRAAVDX

1. FINALIDADE:

O seu propósito é promover a prevención e sensibilización contra a violencia de xénero a través da creatividade do alumnado na rede social TIKTOK.

2. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas participantes deberán formar parte do alumnado de 3º e 4º de ESO, Bacharelato e ciclos formativos dos centros educativos do Concello de Caldas de Reis

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



A participación nesta convocatoria implica a aceptación destas bases.

3. INSCRICIÓN

As inscricións pódense facer dende o **11 de novembro de 2021 ata o 23 de novembro de 2021** ás 00:00, enviando un correo electrónico co teu nome e apelidos, teléfono, consentimento do/a titor/a do/a menor e un e-mail co vídeo de TikTok ao correo electrónico caldascontraavdx@gmail.com.

Tamén é imprescindible para a participación neste concurso poñer o hashtag **#caldascontraavdx** e etiquetar ao perfil de tiktok creado para o concurso: **@caldascontraavdx**

4. OBRAS

Os vídeos de TikTok deberán ter unha duración de entre 15 e 60 segundos. Para poder participar as persoas interesadas no concurso deben compartir o seu vídeo na súa conta particular etiquetando o perfil **@caldascontraavdx** e empregar o hashtag **#caldascontraavdx**.

Os vídeos poden realizarse de maneira individual ou grupal (cun máximo de 3 persoas). Cada participante soamente poderá enviar 1 vídeo individual e 1 vídeo grupal.

O perfil debe ser público para permitir a súa visualización.

5. TEMÁTICA DOS VÍDEOS

- Violencia de Xénero a través das redes sociais (Sexpredding, porn revenge...)
- Mitos do Amor Romántico (A media laranxa, o amor pódeo todo, o amor é eterno, etc.)
- Tipos de Violencia de Xénero (psicolóxica, física, económica, institucional, sexual, etc.)
- Modelos de relacións sas
- Apoio ás mulleres que están vivindo situacións de violencia de xénero

6. VALORACIÓN

A valoración será realizada por:

Un xurado composto por: Concelleira de Igualdade, a directora do CIM, 1 Técnica/o de Servizos Sociais e 2 expertos en igualdade e redes sociais, que elixirán os vídeos gañadores en función de que se axeite ó obxectivo do concurso.

7. PREMIOS

1º PREMIO: Vale de 50 euros a consumir nunha tenda de informática do municipio

2º PREMIO: Vale de 30 euros a consumir nunha tenda de informática do municipio

3º PREMIO: Vale de 25 euros a consumir nunha tenda de informática do municipio

As persoas gañadoras do concurso serán reveladas nunha breve gala, levada a cabo o día **25 de Novembro ás 17:00 horas** no Auditorio Municipal.

Os mellores vídeos de TikTok, xunto cos vídeos gañadores, serán proxectados no evento que



terá lugar no Auditorio Municipal e que cumprirá coas medidas necesarias contra o COVID-19.

8. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

A participación neste concurso implicará necesariamente a plena aceptación e conformidade con estas bases. Ademais, a organización resérvase o dereito a adoptar as decisións non reguladas nestas Bases, sempre que contribúan ao maior éxito do concurso.

9. DEREITOS

Coa aceptación do premio, a persoa premiada autorizará o Concello de Caldas de Reis para difundir o seu vídeo de TikTok, sen límite de tempo, en diferentes soportes de comunicación e difusión de información.

10. PUBLICIDADE

A convocatoria e as súas bases, así como a decisión do xurado faranse públicas a través dos medios oficiais como:

- Redes sociais do Concello (facebook, twitter)
- Páxina web do Concello

11. USO DAS OBRAS

Todas as obras poderán usarse co propósito de difusión do Concurso e d@s autor@s dos vídeos da app TikTok, identificando o Concurso, título e autoría da obra, reservando o Concello de Caldas os dereitos de exposición e publicación dos mesmos, facendo constar en todos momento a autoría da obra.

O Concello de Caldas de Caldas de Reis comprométese a non utilizar os datos contidos no formulario para calquera outro propósito que non sexa o descrito neste concurso.”

En Caldas de Reis,
O Alcalde.
(Documento datado e asinado dixitalmente)

